

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.

Un lugar para facer deporte

BENVIDOS AO POLIDEPORTIVO VIDASÁ

FAGO DEPORTE – ATÓPOME BEN



- Natación
- Fútbol
- Tenis
- Atletismo
- Judo e karate
- Ximnasia de mantemento

Hai actividades dirixidas por monitores para persoas de todas as idades.


Horario:

De luns a venres,
de 8.30 a 21 horas.

Sábados e domingos,
de 9 a 14.30 horas.

Festivos, pechado.

INSTALACIÓNS



- | | | |
|------------------------|-----------------------|--------------------------|
| 1. Acceso | 4. Campo de fútbol | 7. Pistas de tenis |
| 2. Piscina de verán | 5. Vestiarios | 8. Salas de adestramento |
| 3. Piscina semicuberta | 6. Pista de atletismo | 9. Zona de xogos |

2 Que rapaz non foi ao polideportivo Vidasá? Arrodeao e explica por que.



3 Onde se atopan as seguintes instalacións? Completa as oracións.

- A piscina semicuberta sitúase entre _____
- O vestiario está onda _____
- O campo de fútbol ten, a un lado, _____
e, ao outro, _____

4 Contesta.

- Que días da semana se pode practicar a natación ás oito da tarde?

- Pódese facer ximnasia os mércores ás tres da tarde?

- Pode facer deporte unha persoa de 75 anos no polideportivo Vidasá? Por que?

5 Reescribe as oracións substituíndo as formas do verbo *ter* por unha do cadro.

- Teño as cousas no armario.

- Teño a botella de auga dentro da bolsa.

- Aínda tes boa cara, non estás canso de correr?

- O día do partido tiña nervios no estómago.

levo
sentía
gardo
traes

6 Completa as oracións coas formas do artigo do cadro.

- _____ monitor dará agora _____ última clase de ximnasia.
- _____ rapaces ocuparon _____ pista de tenis.
- O sábado e o domingo pola tarde, non abren _____ piscinas.

uns	o
a	as

7 Que significado ten cada oración? Arrodea os artigos e explica en que se diferencian.

Perdín o carné.

Perdín un carné.

8 Clasifica estas palabras na columna correspondente.

fútbol béisbol balonmán natación ximnástica
 hípica esquí bádminton karate

Agudas

Graves

Esdrúxulas

9 Como animarías as persoas a facer deporte? Inventa un cartel para un polideportivo.

Debes incluír: unha frase que anime a ir ao polideportivo e tres razóns para facer deporte.
